

Os xogos de antes

Xogabamos ás vacas, ás carreiras, a esvarar polas ladeiras das laxes sentados sobre pedras planas; xogabamos aos niños —coma paxaros en liberdade— imitando o seu canto...

Tamén á billarda —o *vai*, como lle chaman en Cambados—, un xogo con tantísima historia, practicamente medieval.

A primavera era a época do *risco*, unha variante da mariola que se debuxaba na terra riscando —de aí o seu nome—, ou ben na propia vía pública, pintando cun anaco de tella ou algo parecido.

A corda, tan socorrida, tan atlética e tan ximnástica, era daquela máis propia das rapazas. Elas eran auténticas virtuosas e podían sempre con nós.

As bólas, unha paixón. Potencia e precisión dixital, moitas veces con caída da uña do polgar. O *gua* tan celebrado.

Xogos magníficos todos, no campo e ao aire libre, a nosa verdadeira liberación.

Herminio Barreiro Rodríguez: "Lembranzas de infancia na escola de Meilide"
Revista Galega do Ensino

1. En que persoa está escrito o texto que vés de ler? Copia unha oración que xustifique a túa resposta.

2. O narrador é un home ou unha muller? De novo, xustifica a túa resposta.

3. Escribe os nomes dos xogos que, segundo o texto, se corresponden coas seguintes características:

De orixe moi antiga:

Propio das rapazas:

Variante da mariola:

Xogo de precisión:

4. Cal dos xogos anteriores se chama tamén *estomela*?

5. Dos xogos que se mencionan no texto, indica cales precisan dun obxecto para xogar e cales non.

6. E que obxectos son eses?

7. Busca información sobre algún destes xogos e explica en que consiste: a ra, os pelouros, os vinte, a chave, as tres en raia. Pódeche servir de axuda a páxina:
<http://www.xogospopulares.com>